



Instrución 5/2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para o cálculo da nota media de expedientes de ensinanzas finalizadas ao abeiro do *Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, sobre regulamentación xeral dos conservatorios de música* (BOE do 24 de outubro) nos conservatorios de música dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

No *Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, sobre regulamentación xeral dos conservatorios de música* (BOE do 24 de outubro) non se especifica o modo de calcular a nota media dos expedientes que corresponden aos extintos títulos establecidos polo antedito *Decreto 2618/1966, do 10 de setembro*.

Atendendo ás consultas realizadas por conservatorios de música dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades acerca do xeito de realizar o cálculo da nota media de expedientes relativos ao devandito *Decreto 2618/1966, do 10 de setembro*, e coa finalidade de establecer un criterio homoxéneo para a aplicación deste cálculo, así como para aclarar e facilitar aos centros o modo de expedir as certificacións correspondentes, dítanse as seguintes instrucións:

1. Materias

1.1 Para o cálculo da nota media do Título de Profesor Superior teranse en conta as materias que constituían o grao superior, establecidas no artigo 5.4 xunto coas establecidas nos apartados 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e 17 do artigo once, segundo corresponda a cada Título de Profesor Superior.

1.2 Para o cálculo da nota media do Título de Profesor teranse en conta as materias que constituían o grao medio, establecidas no artigo 5.3 xunto coas establecidas nos apartados 4, 5, 6 e 7 do artigo once, segundo corresponda a cada Título de Profesor.

2. Cálculo da nota media numérica do expediente académico

2.1 A nota media calcularase cunha aproximación de catro decimais.

2.2 Se consta algunha materia con cualificación numérica prevalecerá esta sobre a cualificación literal.

2.3 No caso das cualificacións unicamente literais, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

– Matrícula de honra: 10,00 puntos.





- Sobresaliente: 9,00 puntos.
- Notable: 7,50 puntos.
- Ben: 6,50 puntos.
- Aprobado: 5,50 puntos.

2.4 De existir nos expedientes cualificacións unicamente literais que non estean recollidas no punto 2.3 das presentes Instrucións, as materias con esas cualificacións non computarán para o cálculo da nota media.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

